

Curso Especialización en Protección de Datos

Descrición

Orientado a outorgar unha especialización profesional en materia de privacidade desde unha perspectiva xurídica, técnica e organizativa. Abórdase a normativa vixente no contexto nacional, o novo marco europeo e internacional e profúndase sobre os fundamentos que rexen a seguridade da información.

Exame certificación: en liña. Idioma castelán. Tipo test.

HORARIO

. 20, 21 de abril, 10 e 11 de maio de 16:00 a 19:00 horas

. 7, 12, 14 e 27 de abril de 16:00 a 19:30 horas

. 5, 6, 13, 28 de abril e 4 de maio de 16:00 a 20:00 horas

. 19 e 26 de abril de 16:00 a 20:30 horas

. 3 de maio de 16:00 a 21:00 horas

Obxectivos

- Enriquecer os coñecementos e habilidades dos/as profesionais que actúen como asesores/as en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Adquirir os coñecementos teórico-prácticos para a aplicación da nova lei de Protección de Datos.
- Coñecer as novidades, aspectos relevantes e casos prácticos sobre a nova lei Orgánica de Protección de Datos.

Dirixido a

- Técnicos/as de seguridade e de sistemas
- Auditores/as
- Directores/as de seguridade da Información
- Avogad@s
- Profesionais con responsabilidades en privacidade
- Consultores/as
- Persoas interesadas en comprender os aspectos legais, éticos e de seguridade

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

O equipo docente que participa nesta formación está integrado por profesionais de primeiro nivel nos ámbitos da ciberseguridade, a privacidade, o cumprimento normativo, a protección de datos e a transformación dixital. Con traxectorias consolidadas en sectores como a administración pública, a avogacía, a consultoría, a empresa tecnolóxica e o mundo académico, este grupo de expertos ofrece unha visión plural, actualizada e rigorosa sobre os desafíos da contorna dixital.

A formación beneficiarase dun enfoque práctico e multidisciplinar, que combina experiencia técnica, coñecemento xurídico, liderado institucional e capacidade pedagóxica. Ao longo do programa abordaranse temáticas clave como a xestión de riscos, a protección de infraestruturas críticas, a seguridade en contornas cloud e OT, a gobernanza da ciberseguridade, a normativa europea e a cultura de cumprimento.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

01/03/2027 - 15/03/2027

PROBA DE SELECCIÓN

16/03/2027 (00:00)



CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	60 horas
DATA INICIO	05/04/2027
DATA FIN	11/05/2027
HORARIO	Horario de referencia: de luns a mércores de 16.00 a 20.00
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Certificado oficial Certified Data Privacy Professional (CDPP)
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	ISMS Forum Ciberseguridade/Ciberseguridad
PERIODO DOCENCIA	05/04/2027 - 11/05/2027

Temario

Contexto normativo

- Privacidade e protección de datos no panorama internacional
- A protección de datos en Europa
- A protección de datos en España
- Estándares e boas prácticas

O Regulamento Europeo de Protección de datos e actualización de LOPD. Normativas sectoriais, española e europea con implicación en protección de datos

- Ámbito de aplicación, Definicións, Suxeitos obrigados
- Principios
- Lexitimación
- Dereitos dos individuos
- Medidas de cumprimento
- Responsabilidade proactiva
- Transferencias internacionais de datos
- As autoridades de control
- Directrices de interpretación do RGPD

Análise e xestión de riscos dos tratamentos de datos persoais

- Marco xeral da avaliación e xestión de riscos. Conceptos xerais.
- Metodoloxías de análises e xestión de riscos
- Programa de cumprimento de Protección de Datos e Seguridade nunha organización
- Seguridade da información
- Avaliación de Impacto de Protección de Datos "EIPD"

A auditoría de protección de datos

• O proceso de auditoría. Cuestións xerais e aproximación á auditoría. Características básicas da auditoría.

• Elaboración do informe de auditoría. Aspectos básicos e importancia do informe de auditoría.

- Execución e seguimento de accións correctoras
- Auditoría de sistemas de Información
- A xestión da seguridade dos tratamentos

Outros coñecementos

- O cloud computing.
- Os Smartphones.
- Internet das cousas (IoT).
- Big data e elaboración de perfís.
- Redes sociais.

- Tecnoloxías de seguimento de usuario.